

Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Servizo de Coordinación Administrativa

(NOME DA PERSOA FÍSICA ...), DI (...), actuando no seu propio nome e representación (ou en nome e representación de quen sexa e na condición que sexa, aportando neste caso o correspondente apoderamento), con enderezo a efectos de notificacións en (...), teléfono (...), e enderezo de correo electrónico (...), pola presente comparece ante esa Administración e, como mellor en Dereito proceda,

DÍ

1º. Que veño de recibir requirimento de emenda da solicitude de recoñecemento da condición de persoa interesada no procedemento de autorización do proxecto dunha planta de produción de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei (Lugo), promovida por Greenfiber, S.L., que se nestes intres estase a tramitar por parte da Administración á que me dirixo.

2º. Que quen subscribe, e atendendo ao punto 1.b do artigo art. 4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, manifesta ter dereitos que poden resultar afectados pola decisión que no procedemento administrativo antes indicado se adopte:

-Dereito á vida e á integridade física e moral (art. 15 da Constitución Española, en diante CE).

-Dereito á protección da saúde (art. 43.1 da CE).

-Dereito desfrutar dun medio ambiente axeitado para a saúde da persoa (art. 45.1 da CE).

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO

Que por parte desa administración se me recoñeza a condición de persoa interesada e se me teña por persoada no procedemento administrativo arriba indicado, por ser titular de dereitos que se poden ver afectados pola resolución que se adopte no mentado procedemento. Todo o cal, a fin de poder exercer os dereitos que me confire o artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

(lugar, data e sinatura)